

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/10	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	2 de setembro de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 21:08 ata as 22:00 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS
<b>Secretaria</b>	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	NON
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ



	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M <sup>re</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE XULLO DE 2021

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 1 de xullo de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O 21 DE XULLO DE 2021

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 21 de xullo de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 28 DE XULLO DE 2021

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 28 de xullo de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.





## **Expediente 3138/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2022**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O Concelleiro delegado de promoción Económica, **D. Óscar Durán Barros**, pasa a explicar este asunto, para elo di que, despois de someter a determinación dos festivos locais para o vindeiro ano 2022 á Mesa Local de Comercio, ao Consello Económico e Social e á Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, chegouse á proposta de fixar como tales os días 1 de marzo (martes de Entroido) e 27 de xuño (luns e coincidente coas festas patronais).

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que, debido a que a proposta provén dun consenso amplo, votará a favor.

A voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, traslada tamén o seu voto a favor, sobre todo por estar sempre de acordo en separar os festivos locais e cun deles cadrara co Entroido.

Intervén a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna Susana Camba Castro**, para manifestar que votará a favor.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 12/08/2021, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o Decreto nº 97/2021, de 10 de xuño, da Consellería de Emprego e Igualdade en relación ás Festas Locais, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia no calendario laboral para o ano 2022, publicado no DOG nº 128, de 7 de xullo.

Visto o disposto no artigo 2 do citado Decreto nº 97/2021.

Vista a comunicación do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Emprego e Igualdade, recibido con data 12/08/2021 (R.E. 2021-E-RC-7472) pola que se solicita a remisión do acordo de determinación dos Festivos Locais para o ano 2022 deste Concello antes do 30 do vindeiro mes de outubro.

Visto o pronunciamento feito pola Mesa Local de Comercio na súa sesión do 19/07/2021.

Visto o pronunciamento feito polo Consello Económico Social en data 19/07/2021.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 16/08/2021.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Determinar como festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2022, os días 1 de marzo de 2022 (Martes de Entroido) e 27 de xuño de 2022 (Festas Patronais) .





**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Pontevedra, con enderezo na rúa Concepción Arenal nº 8, andar 2º - 36201 Vigo.

Antes de pasar á Actividade de Control o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos municipais quere presentar algunha moción de urxencia e, non habendo, prosíguese coa orde do día.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 13 DE AGOSTO DE 2021 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 13 de agosto de 2021 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2021-0918 ao número 2021-0985 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, quen comeza trasladando a súa decepción pola concisa orde do día desta sesión, formada tan só co expediente dos festivos locais cando os grupos da oposición han presentado varias mocións e que están pendentes de ser sometidas ás comisións informativas correspondentes.

Continúa pregando que sexan arranxadas dúas pistas en Curantes, sitas no lugar de Curantes Vello, unha que da acceso ao seu núcleo poboacional, e outra que é forestal e que fora formigonada fai anos en parte e que o tramo sen asfaltar atópase nun estado intransitable, polo, que neste último caso, sería unha solución formigonar ese tramo; así mesmo, pide que o Concello vixie as árbores que hai na marxe da nomeada pista, porque as ramas a están invadindo impedindo a boa circulación de vehículos e persoas que transitan por ela.

Di que na mesma parroquia de Curantes, a pista que vai a Nogueira tamén necesita dunha actuación importante.

Reitera o rogo de que sexa colocado un soporte para o contedor de lixo existente na parroquia de Oca, preto da vivenda do avogado.

Lembra que fai ano e medio o seu grupo pediu información sobre un expediente de sinalización no rural, preguntando se hai avances con respecto a este expediente e se hai previsión sobre a súa execución.

A esta última pregunta o **Sr. Alcalde** responde que trátase dun expediente en torno a 700.000 € pendente de acometer por non ter encaixe no proxecto EDUSI, así que se están a buscar os fondos necesarios, pero a día de hoxe non existe ningunha partida adscrita para o financiamento deste proxecto.

O **Sr. López Bueno** pregunta se hai algunha explicación técnica que dea resposta



ao por que non se puido encadRAR dentro do apartado de mobilidade no rural do plan EDUSI.

O **Sr. Alcalde** responde que o Ministerio trasladou que non era lexible esa operación.

Continúa o **Sr. López Bueno** trasladando as queixas dos veciños e veciñas da Avda de Santiago ante a falta de conservación do parque infantil de Figueroa, sendo necesarias actuacións de hixiene e acondicionamento das instalacións, ademais da existencia de ratas e que supón un problema para a seguridade e saúde dos nenos/as que alí van a xogar. Polo anterior, prega que dende o Concello se interesen por ditos problemas para buscar unha solución, sobre todo no que se refire á existencia das ratas.

Pregunta sobre o estado no que se atopa o servizo de recollida de lixo, considerando que este é mellorable, sobre todo no rural. Lembra que o grupo de goberno anunciara que estaban a traballar nun prego de contratación para exteriorizar este servizo, pero xa pasaron máis de dous anos e non se sabe nada sobre o estado de tramitación.

Responde o **Sr. Alcalde** que adxudicouse a redacción do prego estando pendente a súa entrega ao longo deste mes para poder lanzar a licitación do servizo.

Pregunta o **Sr. López Bueno** a quen se lle adxudicou.

O **Sr. Alcalde** contesta que a IDOM.

En canto ao servizo de recollida de plásticos, o **Sr. López Bueno** observa que na vila é deficitario, non sabendo se consta algún aviso de incumprimento por parte da empresa encargada da recollida, ou ben que o acordo existente é insuficiente para que esta asuma o servizo.

O **Sr. Alcalde** lle responde que, en principio, o servizo non se está a prestar da forma adecuada, habendo problemas con algunha das empresas que prestan os servizos de recollida selectiva, habéndose trasladado ás mesmas o noso malestar ante esa situación. A día de hoxe entende que a recollida selectiva ten que estar vinculada ao contrato xeral de recollida de lixo, sendo esta a estratexia que está marcada para proceder á contratación conxunta de recollida de lixo e limpeza viaria. Informa que esta contratación estase a atrasar por diversas causas. De todos os xeitos quere deixar claro que se está enriba das empresas responsables actuais para unha mellor prestación dos servizos e ir solucionando os problemas ata que se proceda á nomeada contratación.

O **Sr. López Bueno** di que hai que ter en conta que a responsabilidade de que se cumpran estes servizos é o Concello, así como da execución contractual coas empresas, polo que se deberían de tomar as medidas sancionadoras que procedan.

Noutro orde de cousas, prega que o Concello entre dunha vez no Plan Revitaliza, co fin de traer ao noso casco urbano composteiros comúns e así reducir o volume de residuos dos contedores verdes, deste xeito contar cunha vila máis ecolóxica e aforrar no canon que se está a pagar a SOGAMA.

Sobre o Servizo de Axuda no Fogar, lembra que, a raíz dunha pregunta que fixo na sesión plenaria anterior, mantivo unha reunión coa Concelleira delegada de Benestar Social (Dña. Amalia Goldar Cora), polo que quere agradecer a súa atención e a súa disposición á hora de facilitar a información solicitada e, ao abeiro da mesma, quere pregar que no Orzamento municipal para o vindeiro ano sexan destinadas partidas que contribúan á redución da lista de agarda que hai para ese servizo. Así mesmo traslada un rogo para o Concelleiro delegado de Facenda, D.



Alberto M. Blanco Carracedo, para que actualice ese Orzamento co fin de cubrir esas necesidades do reiterado servizo de axuda no fogar, e que se suma a outro rogo dirixido ao Sr. Alcalde para que esixa á Xunta de Galicia o aumento do prezo/hora de SAF por levar practicamente dez anos sen actualizar.

Pregunta, dirixíndose á Concelleira Dna. Amalia Goldar Cora, cal é o estado actual dos expedientes de responsabilidade patrimonial pendentes de resolver.

O **Sr. Alcalde** lle contesta, por ser coñecedor deste tema, que cada expediente segue o seu curso e, de interesarse por algún en concreto, se lle responderá, pero, dentro das limitacións do departamento responsable, estanse a resolver na medida do posible, priorizándose os máis importantes e segundo a capacidade de cada departamento municipal, porque o listado de reclamacións de responsabilidade patrimonial é extenso, sobre todo tendo en conta que cando chegou a este goberno xa había sobre 270 expedientes sen responder.

O **Sr. López Bueno** explica que esa pregunta provén de varias queixas que lle chegaron pola falta de tramitación das reclamacións presentadas; pero avanza que se acercará polo Concello para ver se pode obter máis información.

No que respecta ao deterioro que sofre a Casa do Pobo e ante a inminente alarma de derrube, considera necesaria unha actuación sobre a súa estrutura para que non caia definitivamente, por iso prega que o Concello asuma as tarefas de conservación desta edificación e proceda a realizar os traballos máis inmediatos que necesita e, sendo máis ambicioso o Concello, que redacte un plan de posta en valor dese elemento patrimonial.

Lembra que na sesión plenaria anterior o grupo de goberno tivo a oportunidade de que explicara como van as negociacións sobre a modificación acordada da RPT, e optaron por aconsellarlle que solicitara as actas das Mesas de Negociación, sen embargo estas aínda están sen redactar, polo que lles reclama prontitude para poder ter canto antes esas actas e así estar informado.

Aclara o **Sr. Alcalde** que as actas si están redactadas pero non aprobadas, polo que, mentres non sexan aprobadas noutra Mesa de Negociación non se lle pode dar copias destas.

Pide o **Sr. López Bueno** que, tan pronto estean aprobadas, se lles remitan. Continúa, en relación ao antigo centro de saúde, trasladando a preocupación polo seu estado de abandono, pensando que a Xunta de Galicia debería asumir os traballos de conservación.

Traslada, así mesmo, a queixa dos veciños/as pola práctica de botellón na zona traseira do antigo centro de saúde e da existencia de persoas que dormen dentro deste edificio, pregando que o Concello se interese por estas cuestións e lle dean solución.

Finalmente, di que lle chegou unha información sobre a negativa do Concelleiro D. Juan M. Constenla Carbón a conceder unha entrevista sobre a Rapa das Bestas a un youtuber, polo que lle prega que, como Concelleiro delegado de Cultura, atenda dilixentemente a este tipo de persoas, sobre todo pola repercusión que teñen.

Remata lembrando que foi aprobada por acordo plenario unha modificación orzamentaria que aumentaba a subvención nominativa a favor da ACOE, preguntando se xa foi pagada a mesma.

O **Sr. Alcalde** informa que pronto, senón xa, recibirá unha convocatoria para a Mesa de Comercio onde se lle dará resposta a aquela pregunta sobre o programa de actividades e eventos a realizar pola ACOE; en canto á subvención nominativa aínda non se empezou a tramitar, esperando que nas vindeiras semanas sexa presentada a documentación xustificativa e proceder ao seu pagamento.

O **Sr. López Bueno** pide prontitude porque a asociación ten que facer fronte a



unha serie de gastos para a organización de diferentes eventos durante o verán.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen pregunta, en primeiro lugar, se o Concello ten coñecemento da tala ilegal de frondosas no entorno da igrexa da parroquia de Olives cando ese terreo está recollido no PXOM como de especial protección; tamén quere saber se se deu autorización para esa acción.

O **Sr. Alcalde** lle responde que se ten coñecemento desta tala grazas á información facilitada polos axentes medioambientais, parecendo ser que había unha solicitude de autorización á Xunta de Galicia e que, supostamente, estaba vencida e, polo tanto, abriuse un expediente sancionador pola Consellería de Medio Ambiente á empresa que efectuou dita tala. Di que, en principio, esa masa forestal estaba constituída por piñeiros e eucaliptos, habendo unha parte ocupada por carballos. Aclara, finalmente, que o Concello non ten competencia nesta materia.

A **Sra. Blanco Casais** di que, a pesares de que o Concello non ten competencia, pero por ser unha acción ocorrida dentro do noso municipio entende que non se lle pode pasar por arriba deste tipo de acontecementos, sobre todo cando por todos os grupos políticos municipais se aprobou un Plan de Protección Medioambiental e, polo tanto, hai que tomar algún tipo de medidas e facer visible da existencia dos procedementos sancionadores e así en próximas ocasións as persoas teñan máis medo á hora de acometer accións deste tipo; así mesmo, considera que estaría ben informar aos veciños/as do contido do nomeado Plan.

Di que en sesións anteriores había pedido que se procedera ao pintado da sinalización horizontal do casco urbano, recibindo como resposta que se ía a facer pronto, sen embargo a día de hoxe non se fixo nada, polo que pregunta sobre a previsión desta actuación.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que mañá celebrárase unha mesa de contratación para a adxudicación do contrato de asfaltado do casco urbano e, unha vez rematado eses traballos, procederase ao pintado das rúas e da súa sinalización horizontal.

A **Sra. Blanco Casais**, en relación coa reivindicación de todos os grupos da oposición sobre a necesidade dunha residencia pública para persoas dependentes e maiores e ante a construción privada dunha, pregunta se dentro de esta próxima residencia privada vai a haber prazas concertadas.

O **Sr. Alcalde** responde que si e o número de prazas concertadas non se sabe, porque hai que esperar que esta empresa teña todos os trámites finalizados para a posta en funcionamento da residencia e, despois, entrará en concurso público para optar ás prazas concertadas que oferta a Xunta de Galicia; pero traslada que o propietario ten a intención de optar a acadar o máximo número de prazas concertadas.

Continúa a **Sra. Blanco Casais** dicindo que, independentemente da posta en funcionamento desta residencia privada, non evita que se sega reivindicando a construción dunha residencia pública, porque as pensións que reciben os nosos xubilados e os futuros non son suficientes como para optar a unha praza nunha residencia privada.

O **Sr. Alcalde** di que discrepa da visión da voceira de MOVETE, porque xa temos unha residencia para maiores pública, ademais o feito de ter unha residencia pública no noso municipio non quere dicir que sexa só para os nosos veciños, senón que optarán a ela outras persoas de fóra do noso territorio; polo tanto, que poñer a disposición un terreo público municipal para a construción desta



residencia e que ao final sexa utilizada por outros beneficiarios non estradenses non lle parece lóxico. Sen embargo, na residencia privada utilízase outro criterio de admisión e, á hora de optar ás prazas concertadas, terán preferencia aqueles estradenses que están noutras residencias fóra do noso territorio e que piden o seu traslado.

A **Sra. Blanco Casais** considera que é moi bo que unha empresa privada constrúa unha residencia no noso municipio e oxalá se acaden o maior número posible de prazas concertadas, pero a residencia actual que ten A Estrada é para persoas válidas, non estando preparada para o coidado de persoas dependentes, polo que deberíamos ser ambiciosos para dotar ao noso concello de servizos públicos de calidade.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen, antes de comezar a expoñer os seus rogos e preguntas, quere dicir que lle chamou a atención o dito polo Sr. Alcalde en relación aos beneficios que ofrece unha residencia privada e os poucos dunha residencia pública no noso municipio, algo que lle fai gracia porque cando falaba das pistas de atletismo dicía que aínda que é pública traerá moita xente de fora á Estrada cos beneficios que conleva.

O **Sr. Alcalde** lle di que a forma en que a oposición ve a xestión deste Concello é moi radical, porque non se opón a que haxa unha residencia pública pero tampouco lle parece mal que exista unha privada.

A **Sra. Camba Castro** aclara que non lle parece mal que exista unha residencia privada, polo que pide que non se mal interprete o que dixo, senón que defende a xestión pública e que ten que haber unha residencia pública de calidade e o que se fixo foi ceder os terreos para construír unha residencia privada e que vai en detrimento de mellorar o servizo público; ademais, dixo o Sr. Alcalde que non se ía ceder ningún terreo para a construción dunha residencia pública porque se ían a beneficiar xente allea ao noso concello, todo o contrario que manifestou cando se debateu as pistas de atletismo.

O **Sr. Alcalde** aclara que non se cedeu os terreos a ninguén para facer unha residencia privada. Di que tampouco dixo que non se ía a ceder terreos para a construción dunha residencia pública, senón que se limitou a manifestar que se podería dar a paradoxa de que tivéramos que ceder un terreo para unha residencia pública e que fora ocupada integramente por persoas de fóra do noso municipio. Aclara que cre que na xestión pública e na xestión privada, habendo espazo neste concello para as dúas iniciativas.

Continúa coa súa intervención a **Sra. Camba Castro** para preguntar sobre o mantemento da estrutura de madeira da Escola Infantil, en concreto se hai unha previsión para elo.

O **Sr. Alcalde** lle responde que o Concello encárgase do mantemento ordinario do servizo e o mantemento do edificio lle correspondente ao Consorcio Galego de Servizos Sociais, pero lle trasladará esta cuestión para que procedan a dito mantemento.

A **Sra. Camba Castro** prega que sexa arranxada a beirarrúa fronte a Estación de Autobuses da rúa Olimpio Arca Caldas, onde existe un buraco moi grande e que supón un perigo para os peóns.

O **Sr. Alcalde** di que se revisará.





A **Sra. Camba Castro** prega que se proceda a sanear as árbores existentes nos xardíns municipais, preguntando que plan de mantemento se está a levar a cabo para a protección dos elementos naturais e que previsións hai no futuro.

Para contestar ao anterior toma a palabra o Concelleiro **D. Juan M. Constenla Carbón**, quen explica que a palmeira está a recibir un tratamento para a praga que sofre, en canto ao resto das árbores, di que varios deles foron repostos porque os primeiros secaron, e proximamente se revisarán todos os elementos naturais para reclamar á empresa que os plantou para que repoñan aquelas árbores en mal estado, polo tanto é un mantemento diario que se está a facer.

A **Sra. Camba Castro** pregunta sobre o funcionamento dos baños públicos dos Xardíns municipais.

O **Sr. Alcalde** lle responde que están en funcionamento e, aínda que sexan autolimpables, estase a facer unha limpeza unha vez ao día.

A **Sra. Camba Castro** considera que estes baños necesitan dun servizo de limpeza máis rigoroso e con máis frecuencia.

Pide a palabra a **Sra. Mar Blanco Casais** para comunicar que os baños dos Xardíns non se están a limpar todos os días, algo que comprobou por si mesma.

O **Sr. Alcalde** aclara que a limpeza se lle encomendou á mesma persoa que a fai na Casa do Concello e para que vai unha vez ao día, pero temos que ter en conta que a cultura cívica deixa moito que desexar e que non respecta as normas de uso.

Interrompe o **Sr. López Bueno** para dicir que se había dito que os baños se limpaban unha vez ao día e non é certo, polo que ao mellor a persoa encargada non ten tempo para elo, polo que sería bo que se contratara a unha empresa local para realizar este servizo.

O **Sr. Alcalde** se reitera no dito anteriormente e a persoa a quen se lle encargou o traballo o está a facer dende a semana pasada.

Non habendo máis intervencións polos/as Concelleiros/as asistentes a esta sesión, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento co disposto no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha persoa entre o público asistente quere formular algunha cuestión ao Pleno; non habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e tres horas e vinte e un minutos do día do seu comezo.

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.*





*De todo o anterior faise cumprimento.*

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

